



**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SOCIEDADE GALEGA DO
MEDIO AMBIENTE E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA
A REALIZACIÓN DA “I CAMPAÑA PROVINCIAL DE COMPOSTAXE
DOMÉSTICA” NA PROVINCIA DE OURENSE**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.

DECLARA:

Que esta Sociedade ten previsto formalizar coa Deputación Provincial de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do mesmo ata a total execución das accións previstas, e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2016, contemplándose unha posible prórroga do mesmo, por mutuo acordo entre as partes, durante o tempo indispensable para a finalización das accións a desenvolver, non podendo superar esta os seis meses de duración.

Antecedentes

A andaina do programa de compostaxe doméstica de SOGAMA arrancou no ano 2010 co obxectivo de axudar aos concellos, especialmente os de carácter rural, a diminuír a cantidade de lixo producido, instaurando prácticas de autocompostaxe nas vivendas unifamiliares que dispuxeran de terreo (xardín, horta e/ou terras de cultivo) no que empregar o abono natural obtido a través da fermentación controlada da materia orgánica.

Con isto, a entidade pública pretendía colaborar cos entes locais para que estes poideran alcanzar os beneficios ambientais, económicos e sociais que trae consigo a compostaxe doméstica.



Desde a dimensión ambiental, porque, tendo en conta que a fracción orgánica dos refugallos representa ao redor do 40% do volume total do lixo producido nos fogares, este sistema permite minorar a frecuencia de recollida dos contedores convencionais, así como o transporte dos residuos, diminuindo igualmente as emisións de CO₂ á atmosfera.

Desde a dimensión económica, porque ao reciclar ese 40% en orixe, redúcese o depósito de refugallos nos contedores verdes xenéricos, entregando menos cantidade a Sogama e, xa que logo, diminuindo o importe da factura a pagar a Sogama.

E desde a dimensión social, porque se recupera unha práctica tradicional no rural galego como é a separación de restos orgánicos para alimento do gando e/ou fabricación de compost, coa particularidade de que se posibilita que os cidadáns reduzan os desprazamentos aos contedores, polo xeral distanciados das vivendas debido á alta dispersión da poboación que habita na meirande parte dos concellos galegos.

Tamén a partires do ano 2010, SOGAMA vén colaborando coa Deputación de Ourense nun programa específico de compostaxe doméstica que arrancou en 37 municipios da provincia que tiñan delegado no ente supramunicipal a xestión dos residuos urbanos. Durante os anos 2011, 2012 e 2013, sumáronse, nestas mesmas condicións, máis concellos da provincia, abrindo, no período 2015-2016, a posibilidade de participar nesta iniciativa a todas as vivendas dos 50 concellos aos que a Deputación lles prestaba o servizo de recollida de residuos urbanos en réxime de competencias delegadas.

Finalidade e Obxecto do Convenio

Neste escenario, prevese formalizar un novo convenio de colaboración entre SOGAMA e a Deputación de Ourense a fin de estender a practicamente todos os concellos da provincia o programa de compostaxe doméstica.



Constitúe o obxecto deste convenio regular as condicións de financiamento da “I Campaña provincial de compostaxe doméstica” na provincia de Ourense por parte da Deputación Provincial e da Sociedade Galega de Medio Ambiente, así como a xestión e coordinación da posta en marcha e funcionamento da devandita campaña, baseada en dar continuidade ás iniciadas pola Deputación e SOGAMA dende o ano 2013 ata o momento actual.

O importe das actuacións contempladas no devandito convenio ascende a un total de 40.000 euros (IVE incluído), importe que sería sufragado ao 50% por ambas as dúas partes, aportando Sogama 20.000 euros e a Deputación de Ourense outros 20.000.

Fundamentación do instrumento convencional:

Os anteriores antecedentes e finalidade, así como que os intereses converxentes das partes asinantes en orden á consecución do obxecto referido que exclúen o ánimo de lucro, non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

En Cerceda, a 29 de xullo de 2016

Presidente

Javier Domínguez Lino